

INSTRUCCIÓN 5/2020, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, SOBRE OUTRAS MEDIDAS EN MATERIA DE PERSOAL COMO CONSECUENCIA DO NOVO CORONAVIRUS SARS-CoV-2

Na instrución 4/2020, desta xerencia, foi exposto un elenco de medidas excepcionais dirixidas a garantir a dispoñibilidade de profesionais para facer fronte á carga asistencial crecente derivada do coronavirus SARS-CoV-2.

Entre esas medidas figuran aquelas dirixidas a minimizar, na medida do posible, as ausencias voluntarias do persoal (instrucción cuarta, *permisos e licenzas*), dadas as notorias consecuencias que as mesmas poden supoñer para a asistencia sanitaria.

Posteriormente foi publicado no *Diario Oficial de Galicia* (núm. 49 bis) por medio dunha resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Protocolo de actuación para o persoal empregado público da Administración da Xunta de Galicia en relación co coronavirus COVID-19.

Este protocolo, en cuxo ámbito de aplicación non se inclúen as institucións sanitarias, inclúe certas medidas -entre outras- relacionadas co inminente peche de centros educativos ou de maiores.

Obviamente, ante unha situación de emerxencia sanitaria, non resulta posible adoptar unhas medidas xerais de ordenación de persoal que poidan incrementar a indispoñibilidade de persoal nas institucións do ámbito sanitario.

Con todo, ante o próximo peche dos centros anteditos, resulta conveniente relacionar determinadas medidas adicionais que, sen poñer en risco a prestación da asistencia, poden facilitar a presenza nos seus domicilios do persoal afectado.

Trátase de actuacións en materia de suspensión voluntaria temporal da situación de activo (excedencias por coidado de familiares) e de programación de horarios e xornada (flexibilización de xornada).

Así pois e como complemento da instrución Cuarta (*Permisos e licenzas*) das emitidas por este centro directivo coa data do 12 de marzo de 2020, procede indicar o seguinte:

Instrucción 5/20

INSTRUCCIÓN

Primeira. Excedencia por coidado de fillos/as ou familiares

Durante o período no que se manteña a situación excepcional por mor do novo coronavirus SARS-CoV-2 denegarase, con carácter xeral, calquera tipo de excedencia, cando as circunstancias concretas que concorran no centro fagan que a súa concesión poña en risco o mantemento da asistencia sanitaria á poboación cos recursos humanos dispoñibles.

Malia o anterior, e no que atinxe de xeito particular ás excedencias por coidado de fillos/as ou familiares (nomeadamente, fillos/as de curta idade e persoas maiores dependentes e/ou especialmente sensibles ao coronavirus), durante o mesmo período e de modo excepcional poderase conceder este tipo de excedencia, sempre que quede garantida a cobertura das necesidades asistenciais.

Nos supostos nos que se conceda esta excedencia, non procederá o seu desfrute simultáneo polos dous proxenitores ou responsables do fillo/a ou familiar dependente, no caso de que ambos presten servizos nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde ou das entidades sanitarias adscritas.

Todo o anterior, sen prexuízo en calquera caso do tempo ao que os proxenitores teñen dereito con carácter obrigatorio (seis semanas) no permiso por nacemento ou adopción, na licenza por risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural, que serán concedidos en todo caso.

Segunda. Medidas de flexibilización da xornada

Nos casos de denegación (ou revogación) dos permisos ou excedencias durante a actual situación, e en aras de poder cohonestar o deber de prestar asistencia sanitaria á poboación co dereito dos profesionais á conciliación da súa vida persoal e familiar, poderanse adoptar no entanto medidas de flexibilización da xornada do persoal afectado.

A estes efectos, caberá reordenar ou axustar cambios nas quendas, establecer xornadas desprazables ou adoptar calquera outra medida que permita distribuír o tempo de traballo dun xeito flexible e compatible coas necesidades asistenciais.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2020

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

Instrucción 5/20